

Tendo Galicia todas as características dunha nacionalidade, nós nomeámonos, de hoxe para sempre, nacionalistas galegos. Os principais obxectivos das Irmandades eran:

- Cooficialidade lingüística entre galego e castelán.
- Unha ampla autonomía que permitise resolver os problemas económicos e sociais do país.
- Fomentar a cultura propia de Galicia.
- Ingreso das nacionalidades na Liga das Nacións e federalismo con Portugal.

Nas Irmandades había dúas tendencias; unha era partidaria de participar activamente na vida política; outra, liderada por Vicente Risco, defendía centrarse na actividade cultural. Esta última foi a que se impuxo na Asemblea de Monforte, en 1921.

As realizacións das Irmandades

O traballo cultural das Irmandades orientouse en varias direccións; as principais foron estas:

- Traballo a prol do emprego da lingua galega nos diferentes ámbitos da vida pública: ensino, administración, actos culturais e políticos etc.
- Potenciación da actividade editorial mediante o xornal *A Nosa Terra* ou a fundación de editoriais como Céltiga, Lar e Nós. Nelas promóvense a narrativa breve e de carácter popular e os estudos lingüísticos sobre o galego.
- Promover o desenvolvemento do teatro. Fúndase o Conservatorio Nacional de Arte, para que sirva como escola de actores e actrices e actúe como compañía teatral.
- Creación, en 1923, do Seminario de Estudos Galegos, institución científica constituída por universitarios que realizou un valioso traballo de investigación e interpretación da realidade de Galicia nos eidos da etnografía, a xeografía e a historia.

O Seminario de Estudos Galegos

Ademais do grupo e da revista *Nós*, que veremos máis adiante, un dos froitos das Irmandades foi a creación do Seminario de Estudos Galegos. Fundado en 1923 por un grupo de estudantes e algúns profesores da Universidade de Santiago, foi unha institución de carácter científico que promoveu a investigación sobre diferentes aspectos da realidade galega. As seccións que tiveron maior actividade foron as dedicadas á xeografía, á etnografía e á historia do noso país.



Membros da Escola Dramática Galega, fundada pola Irmandade da Fala da Coruña en 1922.



FEITOS HISTÓRICOS

- 1914 - Comeza a 1ª Guerra Mundial.
- 1917 - Estala a Revolución Rusa liderada por Lenin, Trostky, Buharin e Stalin.
- 1919 - Créase a Sociedade de Nacións na Conferencia de Paz de París.
- 1921 - Irlanda é recoñecida como nación independente.
- 1921 - Desastre de Annual, en África, onde o exército español sofre unha dura derrota coa morte de innumerables recrutas.
- 1923 - O xeneral Primo de Rivera fai un pronunciamento en Barcelona e instaura unha ditadura.

